

COMPETENCIA COMUNICATIVA E DIXITAL PCPI

1. Obxectivos

O módulo de Competencia comunicativa e dixital, impartido ao alumnado dos Programas de Cualificación Profesional Inicial, debe contribuír a desenvolver o hábito de lectura e a comprensión e expresión oral e escrita nas linguas galega e castelá, así como as capacidades de procura e tratamento da información, mediante o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación.

Os obxectivos deste módulo desenvolven os xerais dos Programas de Cualificación Profesional Inicial, a saber:

- a) Acadar competencias propias dunha cualificación profesional de nivel 1 da estrutura do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
- b) Crear condicións que abran a posibilidade dunha inserción sociolaboral satisfactoria.
- c) Ampliar as competencias básicas do alumnado para poder proseguir estudos nas diferentes ensinanzas por medio da superación da proba de acceso a ciclos de grao medio, ou coa obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, para o alumnado que curse os módulos conducentes á súa obtención.

Obxectivos específicos do módulo:

1. Desenvolver un nivel de comprensión e expresión oral e escrita en lingua galega e mais en lingua castelá adecuado para comunicarse, desenvolverse en sociedade, desempeñar un oficio e acceder á información necesaria na vida cotiá con certo sentido crítico.
2. Expresarse con coherencia, adecuación, fluidez, seguridade e de forma comprensíbel para comunicar pensamentos, intencións, sentimentos, accións e aprendizaxes, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
3. Comprender e producir textos de uso habitual no ámbito persoal, laboral e social, utilizando o vocabulario adecuado para denominar o que se manexa, realiza, aprende e sente. Comprender e expresar os procesos, técnicas e características de determinadas tarefas.
4. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
5. Desenvolver prácticas responsábeis no uso das TIC, enfocándoas á resolución de problemas, a exploración de modelos positivos e a creación persoal.
6. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para informarse, comunicarse,

aprender, desenvolver a creatividade e axudarse no traballo.

7. Mellorar as actitudes e destrezas para buscar, recoller, interpretar e reelaborar información – especialmente profesional- en distintos medios e fontes, e para tomar decisións.

8. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.

9. Tomar conciencia das tarefas, planificar a súa realización e avalialas empregando criterios axeitados.

10. Coñecer os aspectos fundamentais da nosa cultura aberta ao mundo, respectando o patrimonio e a diversidade no ámbito cultural, especialmente o lingüístico.

2. Contidos

2. 1. Competencia comunicativa

2.1.1. escoitar, falar e conversar.

- Comprensión de noticias de actualidade próximas aos intereses do alumnado procedentes de diferentes medios de comunicación audiovisual, fundamentalmente dixitais ou na versión dixital.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, atendendo especialmente á presentación de tarefas e instrucións para a súa realización.
- Elaboración de breves exposicións orais de información de actualidade tomada dos medios de comunicación, de feitos relacionados coa experiencia ou de procesos de ensino-aprendizaxe, presentada de forma secuenciada e con claridade, inserindo descricións sinxelas e incluíndo ideas e valoracións en relación co exposto.
- Participación activa en situacións de comunicación, especialmente na petición de aclaracións ante unha instrución, en propostas sobre o modo de organizar as tarefas, na descrición de secuencias de actividades realizadas, no intercambio de opinións e na exposición de conclusións.
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

2.1.2. Ler, comprensión de textos escritos.

- Lectura comprensiva de textos en soporte papel ou dixital, recoñecendo intencións comunicativas básicas, como contar, solicitar, dar publicidade, reclamar, etc. en

textos diversos dos ámbitos laboral e social.

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, así como dos medios de comunicación, fundamentalmente noticias, atendendo especialmente á estrutura do xornal (seccións e xéneros) e aos elementos paratextuais.
- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter expositivo e explicativo, ás instrucións para realizar tarefas e á consulta en diversos soportes.
- Lectura en voz alta, con fluidez, entoación e ritmo adecuados.
- Detección do tema e dos subtemas de textos expositivos sinxelos e aplicación a estes de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes prexuízosas e que supoñan calquera tipo de discriminación.

2.1.3. Escribir, composición de textos escritos.

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, así como os propios dos medios de comunicación, especialmente noticias, destinados a un soporte impreso ou dixital.
- Composición, manuscrita e dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente resumos, exposicións sinxelas, e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios, soporte... de cada escrito.
- Interese pola composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar as experiencias, ideas, opinións e coñecementos propios e como forma de regular a conduta.

2.1.4. Coñecemento da lingua.

- Indución, a partir de usos contextualizados, da diferenza entre palabras flexivas e non flexivas e recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio), para o perfeccionamento da produción e comprensión textuais.
- Uso axeitado das normas ortográficas, de acentuación e puntuación, apreciando o

seu valor social.

- Identificación e uso reflexivo dalgúns conectores textuais, con especial atención aos temporais, explicativos e de orde, e tamén dalgúns mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (pronomes persoais, posesivos e demostrativos) como léxicos (repeticións, sinónimos e elipse).
- Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre clases de palabras e normativa.

2. 2. Competencia dixital

Esta competencia traballa as habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, transformándoa en coñecemento, e implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e empregar a información e as súas fontes, as distintas ferramentas tecnolóxicas e os distintos soportes.

2.2.1. Dimensión social

- Desenvolvemento de prácticas responsábeis e críticas no uso da tecnoloxía e no tratamento e difusión dos materiais dixitais e da información na rede.
- Valoración crítica do papel que xogan as TIC no desenvolvemento da sociedade, economía e cultura.

2.2.2. Alfabetización tecnolóxica

- Coñecemento da terminoloxía básica, as aplicacións principais, os procesos máis comúns e os usos creativos da web 2.0 ou social.
- Interese por actualizar os coñecementos e as prácticas en relación coas TIC, con achegamento comprensivo a novos e máis elaborados xéneros discursivos (anotación ou *post*, podcast, etc.).
- Desenvolvemento de estratexias e autonomía para identificar e resolver problemas no uso produtivo de programas e aplicacións web: blogues, editores de diapositivas, presentacións multimedia...

2.2.3. Traballo coa información

2.2.3.1. Procura de información, selección e recolleita

- Acceso á información utilizando técnicas e estratexias específicas. Avaliación e selección de novas fontes de información segundo fiabilidade e utilidade para afrontar tarefas con éxito.
- Busca, selección e rexistro da información a partir de guías para a realización de pequenos proxectos de traballo.
- Lectura e aplicación adecuada en distintas situacións próximas ao alumnado e en

contextos sociais e laborais de linguaxes específicas básicas: textual, icónica, visual, gráfica e sonora.

2.2.3.2. Transformación da información en coñecemento

- Comprensión e integración da información nos esquemas previos de coñecemento, con emprego de mapas conceptuais, gráficos, etc. en soporte dixital.

- Tratamento da información: organización, síntese, relación, procesamento...

Análise da información a partir de guías para a realización de pequenos proxectos de traballo.

- Revisión dos borradores das anotacións das bitácoras dixitais e doutras producións.

2.2.3.3. Comunicación da información

- Uso das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para aprender e para comunicarse.

- Emprego dos diferentes recursos propios dos xéneros dixitais e expresivos na creación de hipertextos, material multimedia, etc.

- Elaboración de producións adecuadas ás características e posibilidades das ferramentas web, responsábeis e creativas.

2.2.4. Intercambio comunicativo na rede

- Uso responsábel e adecuado dos medios de intercambio: foro, chat, redes sociais...

- Traballo efectivo en contornos virtuais colaborativos.

3. Temporalización

Unha temporalización nun módulo coma este non pode basearse nos bloques de contidos, pois deben desenvolverse de xeito integrado. Todo proxecto esixirá traballar a comprensión, o manexo da información na rede, a expresión escrita na elaboración de producións creativas, a exposición oral dos resultados, etc.

Daquela, aínda que o peso das alíneas de coñecemento da lingua e de comunicación da información irán gañando peso desde o segundo trimestre, a distribución dos contidos farase de acordo aos ámbitos e xéneros traballados nas diferentes secuencias. Nun principio, o ámbito laboral e os xéneros dixitais de comunicación asíncrona. Logo os ámbitos académico e social, fundamentalmente en relación cos medios de comunicación, e os xéneros dixitais de comunicación síncrona.

4. Metodoloxía

Para o desenvolvemento destas competencias, desbotamos a mera transmisión de información e operaremos a través de proxectos de traballo e secuencias didácticas para a construción de coñecemento e a realización de produtos lingüísticos, fundamentalmente co uso das TIC. Para adaptar a comunicación ao contexto, buscar, recompilar e procesar información, utilizar a lectura con fins comunicativos para facilitar a interpretación e comprensión dos textos, para desenvolver a habilidade na selección de textos cun obxectivo, para recibir, analizar e ter en conta as opinións distintas á propia, para expresar adecuadamente as propias ideas e tomar consciencia das deficiencias, para aceptar e realizar críticas con espírito construtivo, etc. En resumo, para construír o coñecemento.

Intentaremos priorizar a reflexión e o pensamento crítico do alumnado, fronte a ensinanza memorística, e contextualizar as aprendizaxes. Ao facer isto, conseguiremos que os mozos e mozas adquiren coñecementos cheos de significado para eles, vinculados coa súa propia vida e co contorno próximo. Eses coñecementos serán globalizados e poderán aplicalos en diferentes contextos de forma adecuada na vida real.

Visitaranse páxinas web (xornais dixitais, portais de información, etc.) con variadas finalidades, realizaranse actividades con diferentes programas educativos, afrontaranse webquest sinxelas, contruiranse produtos con varias das aplicacións da web 2.0, comezando polo blogue persoal e continuando co podcast, as presentacións con diapositivas na rede, a elaboración de mapas conceptuais, etc. Tamén se realizarán exposicións dos proxectos de investigación e produción e intercambiarase información nun espazo educativo social. O alumnado ten que converterse no protagonista do seu proceso de aprendizaxe.

5. Avaliación

5.1. Criterios de avaliación.

1. Extraer e presentar a intención comunicativa, a idea xeral e as ideas secundarias de textos orais e escritos sinxelos dos ámbitos social, laboral e académico. Seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.
2. Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
3. Escribir, seguindo un modelo e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, das relacións sociais e laborais, dos medios de comunicación e da web social. Planificar e revisar os

ditos textos coa axuda do profesorado aplicándolles normas básicas de adecuación, de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.

4. Consultar, baixo a dirección do profesorado, textos en diferentes soportes co fin de extraer a información solicitada e incorporala ás propias producións.
5. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito dirixido os propios textos.
6. Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os principais mecanismos da lingua.
7. Coñecer e usar adecuada e responsabelmente diferentes ferramentas e aplicacións web.
8. Seleccionar con sentido crítico fontes dixitais e tratar e reelaborar a información, integrándoa en producións persoais na web, no desenvolvemento de pequenos proxectos de traballo.
9. Recoñecer e usar as características e recursos dos distintos xéneros dixitais.

5.2. Procedementos e instrumentos

A avaliación por competencias esixe botar man doutras ferramentas distintas dos exames tradicionais. Estas serán:

- A observación directa no traballo cotiá: implicación nos procesos, participación nos intercambios comunicativos, colaboración, revisión dos pasos a seguir, etc.
- Producións, en soporte papel e dixital, individuais e grupais.
- As exposicións do alumnado diante dos seus compañeiros.
- O caderno do módulo (dixital: a bitácora persoal; e en papel), no que se recollan as tarefas.
- As probas orais e escritas sobre contidos traballados nos proxectos.

Por iso, a avaliación ten que ser continua e formativa. O profesor, con toda a información recollida, deberá reorientar, modificar, ampliar... o proceso de ensinanza- aprendizaxe, para que o alumnado poida adquirir as competencias adecuadas e necesarias neste programa.

5.3. Criterios de cualificación

A calidade dos produtos lingüísticos e a implicación nos procesos técnicos ou previos serán os criterios fundamentais á hora de avaliar o alumnado. Suporán o 60% da nota.

Outros aspectos actitudinais (respecto, colaboración...) sumarán o 10%, ao igual que as exposicións orais, a calidade dos cadernos e as probas orais e escritas.

5.4. Mínimos esixíbeis

-Comprensión de noticias de actualidade próximas aos intereses do alumnado procedentes de diferentes medios de comunicación audiovisual, fundamentalmente dixitais ou na versión dixital.

- Elaboración de breves exposicións orais de información de actualidade tomada dos medios de comunicación, de feitos relacionados coa experiencia ou de procesos de ensino- aprendizaxe, presentada de forma secuenciada e con claridade, inserindo descrições sinxelas e incluíndo ideas e valoracións en relación co exposto.
- Lectura comprensiva de textos en soporte papel ou dixital, recoñecendo intencións comunicativas básicas, como contar, solicitar, dar publicidade, reclamar, etc. en textos diversos dos ámbitos laboral e social.
- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, así como dos medios de comunicación, fundamentalmente noticias, atendendo especialmente á estrutura do xornal (seccións e xéneros) e aos elementos paratextuais.
- Detección do tema e dos subtemas de textos expositivos sinxelos e aplicación a estes de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, así como os propios dos medios de comunicación, especialmente noticias, destinados a un soporte impreso ou dixital.
- Composición, manuscrita e dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente resumos, exposicións sinxelas, e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios, soporte... de cada escrito.
- Indución, a partir de usos contextualizados, da diferenza entre palabras flexivas e non flexivas e recoñecemento das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio), para o perfeccionamento da produción e comprensión textuais.
- Uso axeitado das normas ortográficas, de acentuación e puntuación, apreciando o seu valor social. Coñecemento da terminoloxía básica, as aplicacións principais, os procesos máis comúns e os usos creativos da web 2.0 ou social.
- Lectura e aplicación adecuada en distintas situacións próximas ao alumnado e en contextos sociais e laborais de linguaxes específicas básicas: textual, icónica, visual, gráfica e sonora.
- Tratamento da información: organización, síntese, relación, procesamento... Análise da información a partir de guías para a realización de pequenos proxectos de traballo.
- Emprego dos diferentes recursos propios dos xéneros dixitais e expresivos na creación de hipertextos, material multimedia, etc.